

Anuncio 4/2010: Programa Volver a terra. (PR926B).

O pasado 5 de xaneiro de 2011 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* nº 3, resolución do 28 de decembro de 2010, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión das subvencións do Programa Reencontros na Casa para residentes no exterior e se convocan as correspondentes ao ano 2011.

A **finalidade** destas axudas é promover o contacto dos galegos residentes no exterior coa súa terra e cos seus familiares, fortalecendo así os vínculos de unión con Galicia.

Serán **beneficiarios** desta axuda as persoas maiores galegas, as persoas unidas por matrimonio, unión de feito ou relación análoga aos solicitantes do programa e os seus fillos.

Requisitos:

1. Poderán ser solicitantes deste programa aquelas persoas que cumpran os seguintes requisitos:
 - 1.1. Ser emigrante galego.
 - 1.2. Ter a nacionalidade española.
 - 1.3. Residir en América.
 - 1.4. Ter sesenta e cinco ou máis anos de idade contados na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.
 - 1.5. Levar polo menos os últimos 15 anos naturais s en participar en programas de viaxes transatlánticos a Galicia desta secretaría xeral ou do Estado español.
 - 1.6. Valerse por si mesmo, non padecer trastornos psicofísicos que alteren a normal convivencia e que estean en condicións de realizar unha viaxe de longa duración.
 - 1.7. Ter ingresos inferiores a 1,3 veces o importe das bases de cálculo da prestación económica por anciandade do Ministerio de Traballo e Inmigración para o ano 2011, segundo países de residencia. Se o solicitante convive con outra ou outras persoas nunha mesma unidade económica familiar, a contía anterior virá determinada pola suma do límite máximo de ingresos persoais máis o resultado de multiplicar o 70 por cento da devandita cifra polo número de conviventes menos un.
2. Poderán ser beneficiarios/as as persoas unidas por matrimonio, unión de feito ou relación análoga aos solicitantes do programa, sempre e cando cumpran os requisitos establecidos nos puntos 1.3, 1.5, 1.6 e acheguen a documentación xustificativa.

A **documentación** necesaria para solicitar dita axuda será a seguinte:

1. Solicitud segundo o modelo normalizado do anexo II.
2. Para os solicitantes que posúan a nacionalidade española e estean en posesión do documento nacional de identidade, autorización expresa á Secretaría Xeral da Emigración para a verificación dos datos de identidade. Para o resto, pasaporte en vigor ou outro documento acreditativo da identidade e nacionalidade do/a solicitante ou certificación consular do solicitante, para acreditar a nacionalidade española e a inscrición no Rexistro de Matrícula como residente.
3. Documentación acreditativa da última veciñanza administrativa en Galicia.
4. Documentación acreditativa da residencia en América, do lugar e data de nacemento, no caso de que estes datos non estean especificados na documentación anterior.
5. Nos países en que exista obriga de presentar declaración da renda das persoas físicas ou declaración similar, copia da última declaración presentada polo solicitante e/ou os membros da unidade económica familiar. No caso de que o/a solicitante e/ou os membros da unidade económica familiar non estivesen obrigados a realizala, xustificación oficial desta circunstancia e certificación ou xustificante acreditativo dos ingresos, rendas ou pensións de calquera natureza que perciba o solicitante e/ou os membros da unidade económica familiar.




6. Nos países en que non exista obriga de presentar declaración da renda das persoas físicas ou declaración similar, certificación ou xustificante acreditativo dos ingresos, rendas ou pensións de calquera natureza que perciba o solicitante e/ou os membros da unidade económica familiar.
7. Certificado médico, segundo o modelo normalizado que se publicará como anexo III á correspondente resolución anual de convocatoria no cal se faga constar que o solicitante é válido por si mesmo, non padece trastornos psicofísicos que alteren a normal convivencia e está en condicións de realizar unha viaxe de longa duración.
8. Fotografía actual tamaño carné.
9. Libro de familia, se procede. No seu defecto, achegarase documentación xustificativa do matrimonio, da unión de feito ou relación análoga e do nacemento do resto de membros da unidade económica familiar.
10. Documento no que conste se é beneficiario das prestacións económicas por anciandade do Estado español. De non o presentar entenderase que desiste da aplicación do criterio preferente de selección, sinalado no punto 1 do artigo 5º das bases reguladoras.
11. Declaración de axudas solicitadas ou concedidas por outras administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, ou de organismos privados para a mesma actividade. Poderá presentarse no modelo que se publica no anexo II desta resolución.
12. Declaración responsable segundo o modelo do anexo II desta resolución, conforme o solicitante está ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas, e de Seguridade Social, así como que non ten débedas pendentes coa comunidade autónoma.
13. O/a cónxuxe ou persoa unida ao solicitante por unión de feito ou relación análoga, de ser o caso, deberá presentar a seguinte documentación:
 - 13.1. Fotocopia do pasaporte ou documento nacional de identidade en vigor.
 - 13.2. Documentación acreditativa da residencia en América.
 - 13.3. Certificado médico segundo o modelo do anexo III desta resolución, no cal se faga constar que é válido por si mesmo, non padece trastornos psicofísicos que alteren a normal convivencia e está en condicións de realizar unha viaxe de longa duración.
 - 13.4. Fotografía actual tamaño carné.
 - 13.5. Declaración de axudas solicitadas ou concedidas por outras administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, ou de organismos privados para a mesma actividade. Poderá presentarse no modelo que se publica no anexo II desta resolución.
 - 13.6. Declaración responsable, segundo o modelo do anexo II desta resolución, conforme o cónxuxe está ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas, e de Seguridade Social, así como que non ten débedas pendentes coa comunidade autónoma.

O prazo de presentación de solicitudes será ata o **5 de marzo de 2011**.

Neste ámbito, como axente de emprego e desenvolvemento local do concello estou á súa enteira disposición nas oficinas municipais para atender a calquera dúbida ou consulta que lle poida xurdir e proporcionarlle a colaboración necesaria na tramitación das solicitudes que poida presentar ó abeiro desta orde.

Castrelo de Miño, 19 de xaneiro de 2011

A axente de emprego e desenvolvemento local


Mª Dolores Vázquez Araújo
CONCELLO DE
CASTRELO DE MIÑO